

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 05/05/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 05/05/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28-abr-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/1661

Dáse conta do escrito presentado por Dona Margarita Caeiro Paz, solicitando autorización para celebración da Festa da Salchicha "Salchicalia Fest". Entre pans a Salchicha, xunto con pan local e cervexa na Praza da Peixería, os días 26, 27, 28 e 29 de xuño.

Solicita así mesmo a colaboración municipal coa cesión da Praza da peixería dende o 23 de xuño para montaxe, palco de 3x6 metros, altavoces, 5 mesas, 4 prazas de estacionamento para vehículos da organización, autorización para colocación lona promocional na Praza da Peixería, impresión de catelería e plantas decorativas.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes obrantes no expediente acorda:

Denegar a cesión de altavoces, impresión de cartelería e plantas.

Autorizar a cesión da Praza da Peixería, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal.

Así mesmo deberá cumprir as seguintes condicións:

- As persoas que exerzan a actividade deberán dispoñer do correspondente carné de manipulador de alimentos e cumprir coa normativa en materia de Hixiene e Seguridade alimentaria que afecte ao seu produto e/ou actividade, así como aos instrumentos utilizados para a súa elaboración.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade da solicitante o control do aforo da instalación autorizada.

PRP2025/1665

Dáse conta da proposta do departamento de Informática:

O rack do auditorio é un armario de dous metros de altura onde están instalados os seguintes elementos: electrónica de rede dos operadores de telefonía, equipos de comunicacións do Concello (routers, switch etc.), electrónica de rede da wifi, patch panel de todo o cableado do edificio, alimentación eléctrica de todos os equipos etc.

Debido as modificacións durante anos, no cableado do edificio, nos operadores de telefonía e en todos os equipos de comunicacións aloxados no Rack resulta imposible a súa xestión. Polo tanto é totalmente necesario realizar unha reinstalación e identificación de todos os equipos, cableado, dispositivos etc. actualmente en funcionamento dentro do rack.

O funcionamento do Rack do Auditorio é crítico para toda a actividade que se desenvolve no mesmo, polo que resulta urxente a súa reinstalación.

Os traballos deben ser realizados por unha empresa especialista en cableado informático. Propoño que a adxudicación se faga á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por ser a que realiza habitualmente este tipo de servicios cun resultado moi satisfactorio.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os traballos de reinstalación do rack de comunicacións do Auditorio á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., por un prezo de 2.119,92 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.213, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1680

Dáse conta da proposta do Servizo de Vías Públicas:

Na Avenida de Cambados, á altura do cruce co Piñeiriño, os autobuses realizan paradas para a recollida de pasaxeiros, pero actualmente non existe ningunha marquesiña. A ausencia desta infraestrutura deixa aos usuarios sen un espazo adecuado para guarecerse das inclemencias meteorolóxicas mentres esperan polo transporte público. A súa instalación resulta necesaria para mellorar o confort e a seguridade dos veciños, fomentando así o uso do transporte colectivo.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa BRICANTEL ESPAÑA S.L. con CIF: B-49280720, por un importe total de 5.379,84 €, IVE incluído, con cargo á partida 1530.62500, de conformidade co orzamento presentado, que inclúe: Subministro de material e man de obra para a instalación dunha marquesiña completa:

CANTIDADE	PRODUCTO
1	MARQUESIÑA MOD. VILAGARCIA SIN LATERALES (2 MODULOS)
2	LATERAL PARA MARQUESIÑA MOD. VILAGARCIA
1	BANCO PARA MARQUESIÑA MOD. VILAGARCIA
1	INSTALACION E MONTAXE

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1681

Dáse conta da proposta do Servizo de Alumeado Público:

As placas fotovoltaicas instaladas no tellado do Concello polos alumnos e alumnas do Obradoiro de Emprego requiren, para a súa posta en funcionamento, un conxestionado especializado á rede eléctrica do edificio municipal. Ademais, de acordo coa normativa vixente, é obrigatoria a realización dunha inspección por parte dun Organismo de Control Autorizado (O.C.A.) ao cadro

xeral do Concello.

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa LUMEA SOLUCIONES ELÉCTRICAS SL, por un importe total de 4.895,42 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.213:

1. A contratación dos servizos técnicos necesarios para o conxicionado das devanditas placas á rede eléctrica do Concello, garantindo a súa correcta integración e funcionamento segundo os requisitos legáis e técnicos.
2. A tramitación e execución da correspondente inspección por parte dun Organismo de Control Autorizado (O.C.A.), co obxectivo de validar a conformidade da instalación coas normativas de seguridade eléctrica vixentes.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1692

Dáse conta da proposta do Servizo de Alumeado Público:

A Praza de Abastos, situada na Rúa Arcebispo Lago nº 30, é un espazo fundamental para a actividade comercial e social do municipio. Na actualidade, detectouse que a potencia eléctrica dispoñible resulta insuficiente para atender adecuadamente tanto ás necesidades diarias dos comerciantes e usuarios, como para afrontar proxectos de modernización, como a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos. Esta carencia de potencia provoca limitacións no funcionamento simultáneo do equipamento eléctrico esencial, dificultando o desenvolvemento da actividade comercial e limitando a capacidade do recinto para avanzar cara a unha transición enerxética sostible. Por iso, considérase necesario proceder á ampliación da potencia eléctrica contratada para este subministro. A empresa encargada de realizar dita ampliación sería UFC Distribución Electricidad, S.A., inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, Tomo 39314, Folio 31, Folla M-503809, con N.LF. A-63222533, como compañía distribuidora competente na zona.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a UFC Distribución Electricidad, S.A., a ampliación de potencia eléctrica na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 771,56 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1700

Dáse conta da proposta do Servizo de Alumeado Público:

Os pararraios do Edificio do Concello e da Escola de Música necesitan ser reparados, comprobados, modernizados e actualizados. Estes sistemas son imprescindibles para garantir a seguridade do edificio, das persoas e dos equipos. Ademais, é necesario instalar contadores de impactos de raios, que no seu día non foi obrigatorio, pero que hoxe en día é moi recomendable para verificar o funcionamento dos pararraios.

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os traballos de reparación e posta a punto dos pararraios do Edificio do Concello e da Escola de Música a D. José Antonio Cuevas Rivas, polos seguintes importes:

- Pararraios Casa do Concello: 1.010,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.213.
- Pararraios Escola de Música. 1.445,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1730

Dáse conta da sinatura de convenio entre Dona Luisa Teresa Lourdes Sanz Acosta, D. José Luis Benito Sanz Acosta e D. Fernando Melchor Sanz Acosta e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión temporal e gratuíta por un prazo de 2 anos do uso da parcela situada na Rúa Ramón Otero Pedrayo, cunha superficie de 2.281,00 m², con referencia catastral 9863035NH1196S0001UJ, sendo obriga do Concello o peche con panel electrosoldado de 2 m de alto, coa parcela lindeira con ref. catastral 9863045NH1196S0001QJ así como o acondicionamento do terreo destinado a aparcadoiro, eximindo de toda responsabilidade á propiedade durante o prazo de cesión de uso do terreo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

PRP2025/1726

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Cultural San Antonio de Cea, solicitando autorización para ocupación da Praza de Galicia o día 26 de abril de 2025 para a realización de acto de información sobre o evento II Bosta da Vaca de Cea.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1732

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de Alcoholicos Rehabilitaros Arousa, solicitando a ocupación da vía pública no cruce da Rúa Xeneral Pardiñas con Castelao, o día 3 de maio de 2025, de 10, a 23 horas para a instalación dun posto informativo.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1733

Dáse conta de Informe da Policía Local no que se indica, entre outros, o seguinte:

Durante a mañá do día 28 de abril de 2025, sufriuse un apagón eléctrico a nivel nacional que dou orixe a numerosas incidencias con carácter de urxencia. Dende a Policía Local de Vilagarcía de Arousa, atendéronse numerosas chamadas por diversos motivos, destacando os auxilios humanitarios a personas atrapadas nos ascensores dos seus domicilios, accidentes de tráfico, así como a atención a persoas da terceira idade, dándolles a mellor atención posible por parte dos integrantes desta plantilla.

Para atender as numerosas incidencias arriba expostas, a quenda operativa de manan reforzou, de maneira voluntaria, a quenda de tarde, aumentando os efectivos e garantizando unha mellor efectividade e atención cidadá. Faise constar e agradecer aos numerosos compañeiros que mostraron o seu interese en acudir, na súa xornada de descanso, ao posto de traballo e axudar aos compañeiros.

Nas últimas horas da tarde, activouse o PLATERGA a nivel 2 (Plan Territorial de Emerxencias de Galicia), polo que, ca autorización da Xefatura e da Sra. Concelleira de Seguridade, reforzouse a quenda de noite cas mesmos compañeiros da quenda de tarde, demostrando, unha vez máis, o seu gran desempeño e servizo público para facer fronte tanto as incidencias xurdidas como aumentando os controis de seguridade cidadá, previndo posibles infraccións e/ou delitos ao non restrablecer a corrente eléctrica (alarmas, alumeado, etc).

Solicitan agradecer de forma pública a dedicación e compromiso por parte da Sra. Concelleira de

Seguridade, Dña TANIA GARCÍA SANMARTÍN, ao demostrar o seu total apoio e compromiso con esta Policía Local.

Porén, vista a proposta da Xefatura da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda recoñecer e agradecer a labor do corpo da Policía Local así como da Concelleira de Seguridade, con motivo do apagón eléctrico que tivo lugar o día 28 de abril de 2025.

PRP2025/1738

Dáse conta de solicitude de Os Ingleses Rugby Club para a celebración do Torneo Clasificatorio para a participación na COPA XUNTA DE 4RUGBY 7, categoría M16 e senior, o día 10 de maio, de 8:30 a 20:00 horas no Campo dde herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación de Deportes de autorización para a celebración do mesmo.

Dáse conta así mesmo de informe favorable da Policía Local para a celebración do citado Torneo co peche ao tráfico da Rúa Camilo José Cela dende a entrada ao Estadio de Atletismo, de 9:00 a 21:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda dar aprobar a realización do torneo indicado, así como a colaboración municipal solicitada.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/1609

Dáse conta da Resolución, do 27 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Cultura, en relación as axudas concedidas para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, no marco do programa Ler Conta Moito.

En dita resolución, a cantidade concedida ó Concello de Vilagarcía para a Biblioteca Municipal, ascende a 802,46 euros.

O importe concedido deberá empregarse para financiar o 75% do custo de cada unha das actividades que se programen, debendo financiar con fondos propios do Concello o 25% restante. Para o pagamento total da axuda concedida de 802,46 euros, o Concello deberá xustificar un gasto mínimo de 1.069,95 euros. De xustificar unha cantidade total menor, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, aboará o 75% da cantidade xustificada.

Deberán programarse un mínimo de dúas actividades, das que se ofrecen a través do Catálogo de Ler Conta Moito.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1610

Dáse conta da Resolución, do 1 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Cultura, en relación ás axudas para adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, e integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

En dita resolución, as cantidades concedidas ó Concello de Vilagarcía de Arousa, para a Biblioteca Municipal e Axencias de Lectura, son as seguintes:

- PROGRAMA A. Axudas para dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Cantidade concedida: 2.325,58 euros.

- PROGRAMA B. Axudas para a mellora das coleccións bibliográficas.
Cantidade concedida: 3.901,89 euros.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1688

Con data do 30 de decembro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG número 250) a Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T).

O día 7 de febreiro de 2025 por Resolución de Alcaldía resolveuse solicitar estas axudas na súa LIÑA 1 (proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ ou dixestión anaerobia) e na súa LIÑA 2 (proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

O día de 15 de abril de 2025 a Xunta de Galicia publicou a resolución da concesión das mencionadas axudas figurando o Concello de Vilagarcía como beneficiario da LIÑA 1 cunha contía de subvención de 11.970,00 euros (sen IVE) e da LIÑA 2 cunha contía de subvención de 40.500,00 euros (sen IVE).

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 70.543,00 euros, IVE incluído.

IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO: 52.470,00 euros (90% do custe total, IVE NON SUBVENCIONABLE)

Tendo en conta o anterior, o Concello tería que asumir unha cantidade que podería supor aproximadamente 4.123,00 € no caso da LIÑA 1 e 13.950,00 € no caso da LIÑA 2, en concepto de IVE máis o 10% de cofinanciamento, facendo un total de 18.073 euros, en función do que resulte do procedemento de compra pública.

	TOTAL PROXECTOSEN IVE	IVE	TOTAL CON IVE	AXUDA CONCEDIDA (90%)	COFINAN- CIAMENTO (10%)	ACHEGA CONCELLO (10%+ IVE)
LIÑA 1	13.300,00 €	2.793,00 €	16.093,00 €	11.970,00 €	1.330,00 €	4.123,00 €
LIÑA 2	45.000,00 €	9.450,00 €	54.450,00 €	40.500,00 €	4.500,00 €	13.950,00 €
TOTAL AXUDA MT975T	58.300,00 €	12.243,00 €	70.543,00 €	52.470,00 €	5.830,00 €	18.073,00 €

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aceptar a subvención na súa liña 1 e 2 (código de procedemento MT975T) e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
- 2.- Dar conta da resolución ao Departamento de Intervención.
- 3.- Aprobar a achega municipal por IMPORTE APROXIMADO DE 18.073 euros (4.123,00 € no caso da LIÑA 1 e 13.950,00 € no caso da LIÑA 2), dependendo do que resulte do proceso de contratación. (partida 1720.22699)

TURISMO

PRP2025/1662

Dáse conta de que no acordo do 21/10/2024, no referido ás cotas de ADEAC para o ano 2025 pola renovación das Bandeiras dos Sendeiros Azuis, na proposta realizada pola Concellería de Turismo, considerouse por erro as mesmas cotas que no ano anterior, pero ADEAC xa remitira unha carta na que indicaba que as cotas a cobrar no 2025 pasaban a ser de 300 € por cada renovación e de 500 por cada nova candidatura, e sempre + IVE.

No acordo propoñíase 2 renovacións, as da Vía Verde do Salnés e a do Sendeiro do Litoral, e unha nova candidatura, a do Sendeiro de Punta Bandeira-Bamio.

O Sendeiro Punta Bandeira-Bamio non resultou homologable e por, esa circunstancia, ADEAC non emitirá cota ao Concello.

Os outros dous sendeiros sí resultaron galardoados de novo coa Bandeira Azul e ADEAC presenta a factura correspondente de 600 € + IVE

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a factura presentada por ADEAC polas cotas pola renovación das Bandeiras dos Sendeiros Azuis do exercicio 2025.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/1725

A Área Igualdade ten realizado o pasado 8 de marzo, con motivo da celebración do Día da Muller, a “XVII Maratón Fotográfica pola Igualdade”, na que se conceden tres premios de 200 euros cada un á mellor fotografía de cada un dos tres temas do concurso. A xuntanza do xurado tivo lugar o día 13 de marzo e tal e como consta na acta levantada ese día. As fotografías gañadoras foron as seguintes:

- Tema: “ Efecto Matilda”. Fotografía gañadora “ConCIENCIA dende a crianza”, de Silvia González Pedraza.
- Tema: “ A iniciativa Spotlight”. Fotografía gañadora “Saquemos da sombra o problema”, de Jorge Casal Escariz .
- Tema: “Sen coidados non hai vida” : Fotografía gañadora “Substantivo, colectivo, plural”, de Daisy Alcalde Monteagudo.

Vista a proposta da Area de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga a favor de Silvia González Pedraza, Jorge Casal Escariz e Daisy Alcalde Monteagudo , a razón de 200 euros para cada un, con cargo á partida 2312.48100:

PREMIADOS/AS	DNI	ENDEREZO	CONCEPTO PREMIO	Orzamento / ENTID BANCARIA
Silvia González Pedraza	50209158C	Camino Real de Badiña, nº38 . 36613 Vilagarcía de Arousa	Tema“ Efecto Matilda”. . “ConCIENCIA dende a crianza”	200 euros Nº CC ES84 1465 0100 9817 0014 6372
Jorge Casal Escariz	76934569Y	LG Bemil – Outeiro Nº41 36659 Caldas de Reis	Tema: “ A iniciativa Spotlight”. . “Saquemos da sombra o problema”	200 euros Nº CC ES18 2100 4648 0222 0013 7483
Daisy Alcalde Monteagudo	35491746D	Rúa Baldosa,nº20, 2p 36600 Vilagarcía de Arousa	Tema: “Sen coidados non hai vida” “Substantivo, colectivo, plural”	200 euros Nº CC ES69 2100 5468 1902 0009 7904

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2025/1689

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a Inspección Técnica de Atraccións da Festa de Santa Rita 2025 , á empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA, por un valor de 14.157 CATORCE MIL CENTO CINCOENTA E SETE EUROS) IVE (21%) engadido; con cargo á partida: 135 22799.

Os traballos técnicos a realizar serán:

- Inspección da montaxe da instalación.
- Supervisión do funcionamento e seguridade da atracción.
- Recompilación e supervisión da documentación da instalación e do persoal que as manipule.
- Información ao departamento responsable de todos os aspectos que afectan á autorización da atracción revisada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1719

O Día das Letras Galegas é unha celebración anual institucionalizada desde 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para exaltar e promover a nosa literatura e a nosa lingua. Cada ano o 17 de maio –data de publicación dos Cantares gallegos de Rosalía de Castro– hónrase un autor ou autora significado polo seu labor na defensa e promoción do noso idioma e da nosa cultura.

Esta efeméride é unha das citas máis importantes do calendario cultural galego e esténdese máis alá dunha celebración dun día concreto, pois concerta programacións de distintas institucións, organizacións e entidades de todo tipo ao longo, sobre todo, do mes de maio.

Este ano, a gran festa das nosas letras acada a edición número sesenta e dúas. A RAG decidiu dedicar o Día das Letras Galegas 2025 á voz da muller na tradición popular a través das cantareiras de Cerceda, Adolfinia e Rosa Casás Rama; da pandeireiteira de Muxía Eva Castiñeira e das Pandeireiteiras de Mens (Malpica): Prudencia Garrido, Asunción Garrido e Manuela Lema.

Moitos aspectos relevantes podemos extraer da escolla desta candidatura múltiple: a transmisión do legado da literatura de base popular oral, a música, a conservación da tradición por parte das mulleres, o valor da colectividade, o protagonismo compartido na conservación e transmisión do patrimonio... Unha herdanza que chega até os nosos días e que é recollida, adoptada, asimilada, transformada e integrada polas novas xeracións artísticas e musicais que fan resoar con modernidade este gran tesouro patrimonial.

Toda vez que se lle rende homenaxe ao cancionero popular galego, e en especial ao papel desempeñado polas mulleres na súa transmisión e conservación, consideramos que o programa referenda esta candidatura múltiple ao apostar por unha proposta variada, colaborativa e interxeracional.

Con esta mesma filosofía, a programación das actividades das Letras Galegas 2025 está promovida polo Servizo de Normalización Lingüística da Concellería de Cultura, mais conta coa colaboración doutros departamentos municipais; en concreto, da Biblioteca (para o Festival Escolar e o contacontos) e da Concellería de Educación (para o Festival Escolar).

O PROGRAMA LETRAS GALEGAS 2025

XOVES 08 MAIO

-OBRADOIRO LETRAS GALEGAS: TRADICIÓN ORAL E CANCIONEIROS POPULARES A CARGO DE GUSTAVO COUTO

10.00 IES O CARRIL

12.30 IES A. COTARELO VALLEDOR

SÁBADO 10 MAIO

-XVII FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS NÓS DE SOBRADELO. COAS PANDEIRETEIRAS DE TOUTÓN

19.00 SALA PRINCIPAL AUDITORIO

MÉRCORES 14 MAIO

-PROYECCIÓN FILME LETRAS GALEGAS A CARGO DE CINE CLUBE ÁDEGA: «Filmei paxaros voando»

20.00 SALÓN GARCÍA

VENRES 16 MAIO

-FESTIVAL ESCOLAR DÍA DAS LETRAS GALEGAS A CARGO DOS CENTROS DE ENSINO. Agasallo de libros para as bibliotecas dos centros participantes

11.00 SALA PRINCIPAL AUDITORIO

-TEATRO A CARGO DE ABÁZCARO TEATRO: «Aquí as fabas, a caldeiradas»

21.00 SALÓN GARCÍA

-PRESENTACIÓN LIBRO ANDREA F. MANEIRO: «Meridiano orixe» (LETRAS GALEGAS NO CARRIL)

20.00 A. C. GATO NEGRO

SÁBADO 17 MAIO

-LETRAS GALEGAS NO CARRIL

11.00 RÚAS DO CARRIL. Pasarrúas a cargo do grupo Malveiras

12.00 PRAZA DA LIBERDADE. Baile tradicional + Pandeiretas. Malveiras

12.30 PRAZA DA LIBERDADE. Ofrenda floral a Rosalía de Castro

12.50 PRAZA DA LIBERDADE / RÚAS DO CARRIL. Pasarrúas + Canto a cargo de Cantareiras Bulideiras de Fontecarmoa

13.30 PRAZA DA LIBERDADE. Concerto recital de poesía escénica a cargo de Lúa Mosquetera

SÁBADO 24 MAIO

-CONTACTOS ILUSTRADO «CANTAREIRAS» A CARGO DE POLO CORREO DO VENTO S. C.

12.30 BIBLIOTECA MUNICIPAL

-ACTIVIDADE DA REDE DE DINAMIZACIÓN LGTCA. DA XUNTA FALAREDES A CARGO DE MATRIOSKA TEATRO: «Fala, fala, falangueira»

19.00 SALA PRINCIPAL AUDITORIO

O desenvolvemento do programa terá lugar en distintos espazos do Concello no mes de maio, se ben o día 17 concentra, como é lóxico, a meirande parte das actividades.

Para a organización das distintas actividades, o Concello de Vilagarcía de Arousa conta coa colaboración de distintas entidades culturais e veciñais. O gasto previsto estimado é o que se detalla desagregado na seguinte táboa:

GASTO PROGRAMA LETRAS GALEGAS 2025									
CONCEPTO	PROVEDOR	NIF	BASE IMPOÑIBLE	TIPO IVE (%)	IVE (€)	IMPORTE CON IVE	IRPF (%)	IRPF	TOTAL
RECEPCIÓN GRUPO CONVIDADO AO FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS 2025, XVII EDICIÓN: PANDEIRETEIRAS DE TOUTÓN	A. C. NÓS DE SOBRADELO Rúa A Peneira, 15, Sobradelo, 36611 Vilagarcía de Arousa	G36043933	850,00	0%	0,00	850,00			
50 LIBROS «CANTAREIRAS». (Agasallo para os centros participantes no Festival Escolar das Letras Galegas)	ÁLVAREZ TABOADA, CARLOS ALBERTO (LELA EDICIÓN) Av. Eduardo Pondal, 29, 5.º D, 36003 Pontevedra	44085088E	288,46	4%	11,54	300,00			
REPRESENTACIÓN TEATRAL «AQUÍ AS FABAS, A CALDEIRADAS»	ASOCIACIÓN CULTURAL ABÁZCARO Rúa Fermín Bouza Brey, 7,	G19996818	150,00	0%	0,00	150,00			

	baixo, 36611 Sobradelo, Vilagarcía de Arousa								
PASARRÚAS E ACTUACIÓN BAILE. LETRAS GALEGAS NO CARRIL	A. C. GATO NEGRO. MALVEIRAS Rúa Castillejos, 7, O Carril, 36610 Vilagarcía de Arousa	G36026151	391,00	0%	0,00	391,00			
PASARRÚAS + CANTO. LETRAS GALEGAS NO CARRIL	A. C. ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA Rúa Camilo José Cela 20, 3.º B 36600 Vilagarcía de Arousa	G94093598	350,00	0%	0,00	350,00			
RECITAL DE POESÍA ESCÉNICA	MOSQUERA TENREIRO, LÚA Loíos, 1, baixo, 15630 Miño (A Coruña)	53307552S	1300,00	10%	130,00	1430,00	15%	195,00	1235,00
CONTACONTOS ILUSTRADO CON MÚSICA «CANTAREIRAS»	POLO CORREO DO VENTO S. C. Rúa Santa Clara, 29, 2.º A, 36002 Pontevedra	J94077047	400,00	21%	84,00	484,00			
2 OBRADOIROS SOBRE TRADICIÓN ORAL	COUTO RODRÍGUEZ, GUSTAVO Paredes de Laraño, 29, 15896 Santiago de Compostela	44832561H	620,00	21%	130,20	750,20	15%	93,00	657,20
IMPREVISTOS			500,00	0%	0,00	500,00			
TOTAL			4849,46			5205,20			

Así, o total do gasto previsto, segundo os orzamentos indicados e que se achegan con esta proposta, é de 5205,20 (cinco mil douscentos cinco con vinte) euros, IVE engadido, a conta da partida do orzamento vixente: 334.22637-SERV. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

A este orzamento computaránselle os gastos da Sociedad General de Autores de España (SGAE). Así mesmo, cómpre indicar que, tras a aprobación da Xunta de Goberno Local de data 24/03/2025, parte dos gastos desta programación foron presentados ás subvencións convocadas pola Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia (Orde do 14 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, código de procedemento PL400A, publicada no Diario Oficial de Galicia número 43, do martes 4 de marzo de 2025), expediente CIVIDAS CULT/2025/000065.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a programación prevista para a celebración do Día das Letras Galegas 2025.

SEGUNDO: Aprobar a adxudicación dos contratos para o desenvolvemento da programación das Letras Galegas 2025 de conformidade co indicado anteriormente.

TERCEIRO: Aprobar o gasto da programación das Letras Galegas 2025 por un valor previsto de 5205,20 (cinco mil douscentos cinco con vinte) euros, IVE engadido, a conta da partida do orzamento vixente 334.22637.

PRP2025/1812

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de abril de 2025, de aprobación de gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación MM.RR. Anduriña de Sobradelo, correspondente ao Centro Cultural de Sobradelo para o ano 2025, por un importe total de 1.998,62 €, con cargo á partida 334.22703, figurando no mesmo:

Concepto	Importe	Provedor
Servizo de limpeza unha vez ao mes de 3,5 horas	1.075,20 €	Magdalena Caeiro Castro
Compra diverso material (segundo orzamento)	932,42 €	Castromán I SL

TOTAL	1.998,62 €
-------	------------

E debendo figurar:

Concepto	Importe	Provedor
Servizo de limpeza un h vez ao mes de 3,5 horas	1.075,20 €	Magdalena Caeiro Castro
Compra diverso material (segundo orzamento)	923,42 €	Castromán I SL
TOTAL	1.998,62 €	

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

CONTRATACIÓN

PRP2025/1666

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 13 de maio de 2024, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte», cun orzamento de execución por contrata de 137.575,51€ Tramítase a instancia da Alcaldía, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto de mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte, ditándose Providencia de Incoación, con data 23 de xaneiro de 2025.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico. Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte ».

Segundo.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 137.575,51€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 137.575,51€, con cargo á aplicación orzamentaria 160 61900.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

PRP2025/1674

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 20 de xaneiro de 2025, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avenida Rosalía de Castro», cun orzamento de execución por contrata de 122.489,93€

Tramítase a instancia desta concellería, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto de reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avenida Rosalía de Castro (O Carril), ditándose Providencia de Incoación, con data 9 de abril de 2025.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes, autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico.

Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e

tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Reforma e ampliación do saneamento nun tramo da Avenida Rosalía de Castro (O Carril)».

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 122.489,93€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 122.489,93€, con cargo á aplicación orzamentaria 160 61900.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

PRP2025/1718

A Comunidade de Montes Veciñal en Man Común da Parroquia de Rubiáns pretende executar o proxecto denominado “Obras de Ampliación do Cemiterio Parroquial de Rubiáns” nunha parcela aledaña ao citado Cemiterio Parroquial (referencia catastral 1741125NG2114S0001WO). Esta obra obtivo a correspondente licenza municipal de obras segundo Resolución da Alcaldía de data 8 de novembro de 2022.

Tendo en conta que a competencia en materia de Cemiterios e actividades funerarias recae sobre os Concellos según o artigo 25.2.k da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPONSE a aprobación do convenio de referencia polo que o Concello de Vilagarcía de Arousa ten a intención de colaborar nas obras de ampliación antes citadas, mediante a concesión dunha subvención nominativa a favor da Comunidade de Montes Veciñal en Man Común da Parroquia de Rubiáns por un importe de 60.000€ con cargo á aplicación presupuestaria 929-789. A citada cantidade abonarase según o previsto na cláusula sétima do devandito convenio na súa redacción definitiva.

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio asinado coa Comunidade de Montes Veciñal en Man Común da Parroquia de Rubians e facer efectivo o primeiro pago polo 50% do importe concedido, de conformidade co establecido na Cláusula 7 do convenio, con cargo á partida orzamentaria citada.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2025/1720

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº TRES E FINAL (2025/1945), derivada da execución do contrato de obras denominado "URBANIZACIÓN DA RÚA AMEIXEIRAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2025/1884), por importe de 5.580,89€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

Visto o informe final de obra do Director de Obra da última certificación, xustificativo do importe obxecto de variacións.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal acorda:

Aprobar as referidas variacións e polo tanto o aumento do importe adxudicado por un total de 3.590,25€.

O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº TRES E FINAL (2025/1945), derivada da execución do contrato de obras denominado "URBANIZACIÓN DA RÚA AMEIXEIRAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2025/1884), por importe de 5.580,89€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Tercero	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
------	------------	------------	---------	---------	------	-------------------	--------	-------

F/2025/ 1945	TRES E FINAL	21/03/2 025	5.580,89	B94101946	GALSUR PROYECTOS OBRAS, S.L.U.	Y	CERTIF. TRES E FINAL OBRA ""URBANIZACIÓN RÚA AMEIXEIRAS"" PROX: 2022/2/PREST/9/1	1530	61900
-----------------	-----------------	----------------	----------	-----------	--------------------------------------	---	--	------	-------

PRP2025/1721

